

“Exportar é competir”.

Fernando Varela Carid, Vocal del TGDC.

**Artículo publicado el domingo, 14 de marzo de 2010 en el suplemento
Mercados de “La Voz de Galicia”**

Dado o reducido volume de demanda interna e o comportamento demográfico pouco dinámico, por non dicir regresivo, que está experimentando Galicia, non hai dúbida que o noso futuro económico pasa por ter un sector exportador forte e eficiente, especializado en bens e servizos de calidade e alto valor engadido. Na actualidade, Galicia xa ten unha vocación exportadora maior do que o conxunto español, pero esa maior importancia das exportacións no produto agregado deriva da implantación na nosa Comunidade de certas grandes empresas cun gran peso no tecido produtivo galego. Benvidas sexan esas iniciativas e bo sería que houbera aínda mais, pero o certo é que xunto con esas grandes compañías hai que crear un tecido exportador de pequenas e medianas empresas capaces de competir con vantaxe nos mercados exteriores.

Para lograr ese obxectivo, que repercutiría de forma notable no noso nivel de vida e crearía unha base estable de desenvolvemento a medio e longo prazo, é necesaria a participación e a involucración de toda a sociedade. A cuestión esencial é comprender que exportar é competir e para competir compre estar polo menos tan preparados como os nosos competidores e ser polo menos tan eficientes como eles.

Por suposto fai falta manter un alto espírito de colaboración entre os distintos axentes sociais e unha atención prioritaria á educación en xeral e, en particular, á investigación e ao desenvolvemento de novas tecnoloxías. De qué xeito sería posible manter e mellorar o noso nivel de vida se quedamos sistematicamente atrás na introdución de novas tecnoloxías, de novos procesos produtivos, na invención de novos produtos ou de novas formas de proporcionar un servizo?.

Pero todos os nosos esforzos serán baldíos se non se mantén nos distintos ámbitos sociais o criterio de selección baseado no mérito. Isto resulta especialmente relevante a nivel institucional. As institucións modulan as respostas dos individuos e permiten derivar do comportamento individual resultados colectivos, que serán mellores ou peores, acertados ou non, de acordo ao xeito en que se dispoña o seu funcionamento e se produza a selección das persoas responsables das mesmas.

A tradución no eido empresarial do principio da selección baseada no mérito é o respecto ás normas de defensa da competencia, que deben comprometer non só aos propios empresarios e demais participantes no mercado, senón tamén, moi particularmente, ás Administracións Públicas.

O papel das Administracións Públicas é certamente relevante para manter un nivel axeitado de competencia efectiva nos mercados. Primeiro, a través da regulación normativa dos sectores e da actividade económica. Moitas normas emanadas das distintas Administracións teñen efectos, en ocasións altamente considerables, sobre as condicións en que se desenvolve a competencia no mercado. O mesmo sucede con numerosos actos administrativos, que teñen unha repercusión importante sobre os mercados. De modo especialmente significativo, as axudas públicas poden constituír unha fonte relevante de distorsións da concorrencia empresarial. É certo que algunhas axudas públicas son necesarias e están plenamente xustificadas, pero, en todo caso, as Administracións Públicas deben velar para que se reduza ao mínimo o seu impacto prexudicial para a competencia. Así mesmo, as Administracións Públicas deben promover, de xeito exemplar, a eficiencia empresarial e o principio da promoción baseada no mérito e na capacidade.